

II Edición do curso semipresencial:

Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación

Destinatarios

i Persoal docente e investigador (PDI) e alumnado de doutoramento da Universidade da Coruña

Modalidade

Semipresencial de 12 horas:

- 8h teóricas en liña a través da plataforma Moodle
- 4h prácticas en obradoiros presenciais nas bibliotecas dos centros

Obxectivos xerais do curso

- Motivar ao profesorado da UDC a ter unha presenza profesional activa na rede que reflecta de forma precisa as súas actividades e investigacións.
- Promover o uso de boas prácticas á hora de crear unha identidade inequívoca como autores e investigadores.
- Informar aos investigadores dos recursos específicos para a creación de perfís identificativos que faciliten a súa visibilidade nas bases de datos e na rede.
- Facilitar aos investigadores estratexias para a visibilidade das súas publicacións científicas.
- Traballar de forma práctica na creación de perfís e estratexias de visibilidade nos obradoiros.

Cronograma

- **Parte teórica en liña:** do 11 de abril ao 8 de maio
- **Obradoiros presenciais:** do 9 de maio ao 3 de xuño (acordarase a data coa biblioteca de cada centro)

Avaliación

Para superar o curso e obter a certificación correspondente requirírase:

- **Parte teórica en liña:** A resolución dun cuestionario de autoavaliación ao final de cada tema.
- **Obradoiros presenciais:** Asistencia

Prazo de inscrición

i Ata o 16 de marzo na web do CUFIE

Contidos formativos

MÓDULO 1. A IDENTIFICACIÓN DE AUTOR: NOME E FILIACIÓN

OBXECTIVO XERAL: Conseguir que PDI e doutorando/as da UDC sexan conscientes da importancia de que se identifiquen mediante unha sinatura normalizada nas súas publicacións e facilitarlles unhas sinxelas directrices para indicar de forma estandarizada a súa filiación institucional.

- **TEMA 1.** A identificación do autor: normalización da sinatura e filiación institucional
- **TEMA 2.** O perfil bibliográfico dixital

OBRADOIROS: Traballar exemplos prácticos de unificación da sinatura, de transcripción normalizada da filiación institucional e practica a identificación persoal con ORCID, Researcher ID, Author-ID, Google Scholar Citations

MÓDULO 2. A PUBLICACIÓN CIENTÍFICA

OBXECTIVO XERAL: Axudar ao persoal investigador a desenvolver unha estratexia para elixir onde publicar coa finalidade de obter maior visibilidade para as súas publicacións e para sexan valoradas nos procesos de acreditación e avaliación

- **TEMA 1.** Recomendacións para publicar
- **TEMA 2.** A relación autor-editor. Os dereitos de autor

OBRADOIROS: Traballar posibles estratexias de publicación

MÓDULO 3. A PUBLICACIÓN E O ACCESO ABERTO. O REPOSITORIO INSTITUCIONAL DA UDC (RUC)

OBXECTIVO XERAL: Introducir ao persoal investigador no concepto do acceso aberto á ciencia e amosarlles as vantaxes de facilitar acceso aberto aos resultados da investigación. Dar a coñecer o RUC, o espazo para depositar en aberto os resultados de investigación da UDC.

- **TEMA 1.** O escenario da publicación en acceso aberto
- **TEMA 2.** Recomendacións aos investigadores para o uso do acceso aberto.

OBRADOIROS: Realizar o autoarquivo dunha publicación propia no RUC

MÓDULO 4. PLATAFORMAS SOCIAIS E REDES CIENTÍFICAS

OBXECTIVO XERAL: Dar a coñecer aquelas plataformas sociais e redes científicas que permitan mellorar a visibilidade e o impacto das publicacións.

- **TEMA 1.** Redes académicas e publicacións científicas
- **TEMA 2.** ResearchGate e Academia.edu

OBRADOIROS: Inscripción nalgunha das redes científicas.